

INSTRUCCIÓN 6/2012 , DA SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE APLICACIÓN DO REGULAMENTO DE INTERCAMBIOS A EFECTOS DE MATRÍCULA E ACTAS

Con data do 28 de maio de 2012 publicouse no DOG o Acordo do Consello de Goberno do 27 de abril de 2012 polo que se modifica o Regulamento de Intercambios, modificación operada como consecuencia da Normativa de Permanencia.

Dadas as consultas formuladas sobre a súa interpretación, procede ditar a seguinte,

INSTRUCCIÓN

PRIMEIRA.- ENTRADA EN VIGOR

A modificación do regulamento de Intercambios terá efectos sobre a matrícula do curso 2012-13, polo que afecta aos compromisos que se asinen para ese curso. Os compromisos xa asinados e que poidan ter incidencia sobre a matrícula deberán ser revisados.

SEGUNDA.- CRITERIOS

A efectos de formalizar os correspondentes Acordos Académicos e compromisos de estudos deberá terse en conta o seguinte:

1.- Límite de materias suspensas

Este límite debe interpretarse no senso de que se poderían levar tantas materias suspensas como cursos académicos nos que estivera matriculado. Deste xeito un alumno/a matriculado/a de cuarto curso e que ese ano faga o intercambio podería levar tres materias suspensas dos cursos previos.

Do resto das materias suspensas o alumnado non estará obrigado a matricularse, agás no caso de que o intercambio sexa dun semestre.

Neste último suposto deberá matricularse das materias suspensas do período no que non realiza o intercambio.

2.- Matriculación unicamente de materias establecidas no compromiso de estudos

O alumnado só se matriculará de materias ordinarias que vaia a realizar de intercambio, cun máximo de 75 ECTS para un curso completo. Non obstante o anterior, os Traballos de Fin de Grao e as prácticas poderán realizarse en réxime de intercambio ou na propia USC. Neste último caso poderá matricularse, ademais das materias obxecto do intercambio destas materias, pero sen que en ningún caso a matrícula conxunta supere un máximo de 75 ECTS.

No caso de que o intercambio sexa dun semestre, o alumnado poderá matricularse das materias do semestre que vaia cursar na USC, ata un máximo de 75 créditos para os dous semestres.

Non é aplicable para os estudos adaptados ao EEES, o establecido no artigo 9.14.a) do Regulamento de Intercambios.

3.- Materias suspensas para intercambios SICUE

Dado que a normativa da CRUE sobre SICUE establece que non se poderán incluír nos acordos académicos materias cualificadas con “suspense”, pero poderán incluírse materias cualificadas como “non presentado”, este acordo debe ser aplicable á USC polo que os alumnos/as de SICUE non poderán levar materias suspensas.

TERCEIRA.-POSIBILIDADE DE RENDER EXAME EN XULLO PARA OS ALUMNOS/AS DE INTERCAMBIO

O alumnado que realiza un intercambio debe someterse ao réxime de convocatorias da universidade de destino. Porén, permítese presentarse á oportunidade de xullo sempre que:



- a) A materia non se superase na Universidade de destino, circunstancia que debe acreditarse no momento da solicitude.
- b) Que exista unha materia equivalente na titulación de orixe, é dicir, con contidos equivalentes.

En ningún caso se permitirá render exame na USC de materias optativas das que estea matriculado na universidade de acollida e que non existen no plan de estudos da USC.

- c) Que a guía docente non estableza criterios ou sistemas de avaliación que impidan a superación de materia de xeito independente na segunda oportunidade.
- d) A solicitude de realización da oportunidade de xullo poderá realizarse perante o coordinador/a por calquera medio que permita constancia da súa recepción cun mínimo de 15 días antes da realización do exame. O coordinador/a, comprobado que reúne os requisitos o autorizará por calquera medio que permita ter constancia, e o comunicará con antelación suficiente ao profesor/profesores da materia antes da avaliación, e procederá a comunicar á UXA correspondente a relación de alumnos/as que se van a acoller a esta posibilidade para que a UXA lle retire a condición de alumno/a de intercambio na acta e poder ser cualificado.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2012

A Secretaria Xeral



Lourdes Noya Ferreiro